

O Grupo Municipal Socialista de Cerdido, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normas que resulten de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN, relativa ó ordenamento e regulación acaídos en relación coa, corta, depósito e transporte da madeira dos montes do noso municipio**, en base ós motivos e consideracións recollidos na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A superficie forestal de Cerdido equivale a algo máis do 64% da extensión total do concello, contando ademais cun territorio e un clima axeitados que propician a explotación do potencial productivo e o aproveitamento de diversas especies forestais.

O Concello carece dunha ordenanza que regule aspectos de interese relacionados coa actividade forestal, como son aqueles que afectan ás plantacións forestais, ó depósito, carga e transporte da madeira procedente das talas.

Por outro lado, ós veciños das distintas parroquias preocupanlles os danos e os estragos ocasionados nos camiños públicos e o deterioro das vías públicas como consecuencia das operacións de amoreamento, carga e transporte da madeira vendida para a súa comercialización.

Correspóndelle o concello, no ámbito das súas competencias, dar resposta e resolver esta situación que crea malestar entre os veciños ó mesmo tempo que ocasiona danos que afectan ó patrimonio e ó presuposto municipal.

Polo que,

Somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que adopte o seguinte **ACORDO**:

Que o Concello, dentro do seu ámbito competencial, regule aqueles aspectos máis relevantes relacionados coas plantacións forestais, o depósito, carga e transporte da madeira vendida para a súa comercialización.

Que a ordenanza a aprobar polo Pleno teña en conta os intereses dos veciños e se elabore co maior consenso posible dos grupos políticos municipais e das parte afectadas.

Asdo.: O portavoz do Grupo Municipal Socialista

Benigno Galego castro

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO